

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15001148	As Mariñas	Betanzos	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
TMV	Transporte e mantemento de vehículos	CSTMV01	Automoción	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0299	Formación e orientación laboral	2023/2024	4	107	128
MP0299_12	Prevenición de riscos laborais	2023/2024	4	45	54
MP0299_22	Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego	2023/2024	4	62	74

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARTA ELENA BARREIRO RODRÍGUEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión departamento

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O Decreto 138/2011, establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en sistemas electrotécnicos e automatizados. Este currículo adapta a titulación ao campo profesional e de traballo da realidade socioeconómica galega e ás necesidades de cualificación do sector produtivo canto a especialización e polivalencia, e posibilita unha inserción laboral inmediata e unha proxección profesional futura.

Para estes efectos, determínase a identificación do título, o seu perfil profesional, o contorno profesional, a perspectiva do título no sector ou nos sectores e as ensinanzas do ciclo formativo, entre outras.

A formación relativa á prevención de riscos laborais dentro do módulo de formación e orientación laboral aumenta a empregabilidade do alumnado que supere estas ensinanzas e facilita a súa incorporación ao mundo do traballo, ao capacitalo para levar a cabo responsabilidades profesionais equivalentes ás que precisan as actividades de nivel básico en prevención de riscos laborais, establecidas no Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento dos servizos de prevención.

Competencias profesionais, persoais e sociais deste título directamente relacionadas co módulo de FOL:

- 1.- Xerar ámbitos seguros no desenvolvemento do seu traballo e no do seu equipo, supervisando e aplicando os procedementos de prevención de riscos laborais e ambientais consonte o establecido pola normativa e de acordo cos obxectivos da empresa.
- 2.- Exercer os dereitos e cumprir as obrigas derivadas da súa actividade profesional, de acordo co establecido na lexislación, participando activamente na vida económica, social e cultural.
- 3.- Adaptarse ás novas situacións laborais e manter actualizados os coñecementos científicos, técnicos e tecnolóxicos relativos ao seu ámbito profesional, xestionando a súa formación e os recursos existentes na aprendizaxe ao longo da vida, e utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.
- 4.- Resolver situacións, problemas ou continxencias con iniciativa e autonomía no ámbito da súa competencia, con creatividade, innovación e espírito de mellora no traballo persoal e no dos membros do equipo.
- 5.- Organizar e coordinar equipos de traballo e supervisar o seu desenvolvemento, con responsabilidade, mantendo relacións fluídas, asumindo o liderado e achegando solucións aos conflitos que se presenten no grupo.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	A PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS	PRINCIPAIS CONCEPTOS SOBRE PREVENCIÓN, DEREITOS, ORGANIZACIÓN	9	8
2	A AVALIACIÓN DE RISCOS LABORAIS	PRINCIPAIS RISCOS LABORAIS E TÉCNICAS DE AVALIACIÓN	15	15
3	O PLAN DE PREVENCIÓN	FASES PARA A ELABORACIÓN DO PLAN DE PREVENCIÓN	20	19
4	MEDIDAS DE PREVENCIÓN E PROTECCIÓN	MEDIDAS DE PREVENCIÓN E PROTECCIÓN, PRIMEIROS AUXILIOS, PLAN DE EMERXENCIAS E EVACUACIÓN	10	8
5	A RELACIÓN LABORAL E O CONTRATO DE TRABAÑO	COÑECEMENTO DA NORMATIVA LABORAL	24	20
6	MODIFICACIÓN, SUSPENSIÓN E EXTINCIÓN DO CONTRATO DE TRABAÑO	ANÁLISE DAS VICISITUDES DO CONTRATO DE TRABAÑO	13	14
7	A REPRESENTACIÓN DOS TRABALLADORES. A NEGOCIACIÓN COLECTIVA. OS CONVENIOS COLECTIVOS	COÑECEMENTO DOS DEREITOS LABORAIS DE CARÁCTER COLECTIVO	8	5
8	SEGURIDADE SOCIAL	COÑECEMENTO DAS PRINCIPAIS PRESTACIÓNS DA SEGURIDADE SOCIAL	13	5
9	O TRABAÑO EN EQUIPO	FUNCIONALIDADE DO TRABAÑO EN EQUIPO	6	3
10	A PROCURA DE EMPREGO	COÑECEMENTO DAS TÉCNICAS DE BUSCA DE EMPREGO	10	3

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	A PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS	9

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Relacionáronse as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora.
CA1.2 Distinguíronse os principios da acción preventiva que garanten o dereito á seguridade e á saúde das persoas traballadoras.
CA1.3 Apreciouse a importancia da información e da formación como medio para a eliminación ou a redución dos riscos laborais.
CA1.4 Comprendéronse as actuacións axeitadas ante situacións de emerxencia e risco laboral grave e inminente.
CA1.5 Valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores.
CA1.6 Analizáronse os dereitos á vixilancia e protección da saúde no sector de transporte e mantemento de vehículos.
CA1.7 Asumiuse a necesidade de cumprir as obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laborais.

4.1.e) Contidos

Contidos
Relación entre traballo e saúde. Influencia das condicións de traballo sobre a saúde.
Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral.
Análise dos dereitos e das obrigas das persoas traballadoras e empresarias en prevención de riscos laborais.
Actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar as situacións de risco no seu contorno laboral.
Protección de persoas traballadoras especialmente sensibles a determinados riscos.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	A AVALIACIÓN DE RISCOS LABORAIS	15

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Avalía as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector de transporte e mantemento de vehículos.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Determináronse as condicións de traballo con significación para a prevención nos contornos de traballo relacionados co perfil profesional de técnico superior en automoción.
CA2.2 Clasifícaronse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles.
CA2.3 Clasifícaronse e describíronse os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional de técnico superior en automoción.
CA2.4 Identifícaronse as situacións de risco máis habituais nos contornos de traballo das persoas coa titulación de técnico superior en automoción.
CA2.5 Levouse a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade do título.

4.2.e) Contidos

Contidos
Análise de factores de risco ligados a condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais.
Determinación dos danos á saúde da persoa traballadora que se poden derivar das condicións de traballo e dos factores de risco detectados.
Riscos específicos no sector de transporte e mantemento de vehículos en función das probables consecuencias, do tempo de exposición e dos factores de risco implicados.
Avaliación dos riscos atopados en situacións potenciais de traballo no sector de transporte e mantemento de vehículos.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	O PLAN DE PREVENCIÓN	20

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Valorouse a importancia dos hábitos preventivos en todos os ámbitos e en todas as actividades da empresa.
CA3.2 Clasifícaronse os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais.
CA3.3 Determináronse os xeitos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos.
CA3.4 Identifícaronse os organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais.
CA3.5 Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia.
CA3.6 Estableceuse o ámbito dunha prevención integrada nas actividades da empresa, e determináronse as responsabilidades e as funcións de cadaquén.
CA3.7 Definiuse o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co sector profesional da titulación de técnico superior en automoción.
CA3.8 Proxectouse un plan de emerxencia e evacuación para nunha pequena ou mediana empresa do sector de actividade do título.

4.3.e) Contidos

Contidos
Xestión da prevención na empresa: funcións e responsabilidades.
Órganos de representación e participación das persoas traballadoras en prevención de riscos laborais.
Organismos estatais e autonómicos relacionados coa prevención de riscos.
Planificación da prevención na empresa.
Plans de emerxencia e de evacuación en contornos de traballo.
Elaboración dun plan de emerxencia nunha empresa do sector.
Participación na planificación e na posta en práctica dos plans de prevención.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	MEDIDAS DE PREVENCIÓN E PROTECCIÓN	10

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico superior en automoción.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Definíronse as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias en caso de materializarse.
CA4.2 Analizouse o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos.
CA4.3 Selecciónáronse os equipamentos de protección individual (EPI) acaídos para as situacións de risco atopadas.
CA4.4 Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia.
CA4.5 Identificáronse as técnicas de clasificación de persoas feridas en caso de emerxencia, onde existan vítimas de diversa gravidade.
CA4.6 Identificáronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que cumpra aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias.

4.4.e) Contidos

Contidos
Medidas de prevención e protección individual e colectiva.
Protocolo de actuación ante unha situación de emerxencia.
Aplicación das técnicas de primeiros auxilios.
Actuación responsable en situacións de emerxencias e primeiros auxilios.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	A RELACIÓN LABORAL E O CONTRATO DE TRABALLO	24

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícase o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo.
CA2.2 Distingúense os principais organismos que interveñen nas relacións laborais.
CA2.3 Identifícanse os elementos esenciais dun contrato de traballo.
CA2.4 Analízanse as principais modalidades de contratación e identifícanse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos.
CA2.5 Valoráronse os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral.
CA2.6 Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico superior en automoción.
CA2.7 Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.
CA2.8 Analízase o recibo de salarios e identifícanse os principais elementos que o integran.
CA2.12 Identifícanse as características definitorias dos novos contornos de organización do traballo.

4.5.e) Contidos

Contidos
Dereito do traballo.
Organismos públicos (administrativos e xudiciais) que interveñen nas relacións laborais.
Análise da relación laboral individual.
Dereitos e deberes derivados da relación laboral.
Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación de técnico superior en automoción.
Modalidades de contrato de traballo e medidas de fomento da contratación.
Análise das principais condicións de traballo: clasificación e promoción profesional, tempo de traballo, retribución, etc.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	MODIFICACIÓN, SUSPENSIÓN E EXTINCIÓN DO CONTRATO DE TRABALLO.	13

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.9 Identifícanse as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral.

4.6.e) Contidos

Contidos
Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	A REPRESENTACIÓN DOS TRABALLADORES. A NEGOCIACIÓN COLECTIVA. OS CONVENIOS COLECTIVOS	8

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.10 Identificáronse os órganos de representación das persoas traballadoras na empresa.
CA2.11 Analizáronse os conflitos colectivos na empresa e os procedementos de solución.

4.7.e) Contidos

Contidos
0Representación das persoas traballadoras na empresa. Conflitos colectivos. Novos contornos de organización do traballo. Sindicatos de traballadores e asociacións empresariais.

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	SEGURIDADE SOCIAL	13

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Determina a acción protectora do sistema de seguranza social ante as continxencias cubertas, e identifica as clases de prestacións.	SI

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Valorouse o papel da seguranza social como pilar do estado social e para a mellora da calidade de vida da cidadanía.
CA3.2 Delimitouse o funcionamento e a estrutura do sistema da seguranza social.
CA3.3 Identificáronse, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a ela e á empresa.
CA3.4 Determináronse as principais prestacións contributivas da seguranza social, os seus requisitos e a súa duración, e realizouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos.
CA3.5 Determináronse as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico.

4.8.e) Contidos

Contidos
A seguranza como pilar do estado social.
Estrutura do sistema de seguranza.
Determinación das principais obrigas das persoas empresarias e das traballadoras en materia de seguridade social.
Protección por desemprego.
Prestacións contributivas da seguranza.

4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	O TRABALLO EN EQUIPO	6

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Participa responsablemente en equipos de traballo eficientes que contribúan á consecución dos obxectivos da organización.	SI

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse os equipos de traballo en situacións de traballo relacionadas co perfil de técnico superior en automoción e valoráronse as súas vantaxes sobre o traballo individual.
CA1.2 Determináronse as características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces.
CA1.3 Adoptáronse responsablemente os papeis asignados para a eficiencia e a eficacia do equipo de traballo.
CA1.4 Empregáronse axeitadamente as técnicas de comunicación no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas.
CA1.5 Determináronse procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo.
CA1.6 Aceptáronse de forma responsable as decisións adoptadas no seo do equipo de traballo.
CA1.7 Analizáronse os obxectivos alcanzados polo equipo de traballo en relación cos obxectivos establecidos, e coa participación responsable e activa dos seus membros.

4.9.e) Contidos

Contidos
Diferenciación entre grupo e equipo de traballo.
Valoración das vantaxes e os inconvenientes do traballo de equipo para a eficacia da organización.
Equipos no sector de transporte e mantemento de vehículos segundo as funcións que desempeñen.
Dinámicas de grupo.
Equipos de traballo eficaces e eficientes.
Participación no equipo de traballo: desempeño de papeis, comunicación e responsabilidade.
Conflito: características, tipos, causas e etapas.
Técnicas para a resolución ou a superación do conflito.
Conflitos colectivos.
Novos contornos de organización do traballo.

4.10.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
10	A PROCURA DE EMPREGO	10

4.10.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida.	SI

4.10.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Valoráronse as propias aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades que permitan a toma de decisións profesionais.
CA4.2 Tomouse conciencia da importancia da formación permanente como factor clave para a empregabilidade e a adaptación ás esixencias do proceso produtivo.
CA4.3 Valoráronse as oportunidades de formación e emprego noutros estados da Unión Europea.
CA4.4 Valorouse o principio de non-discriminación e de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e nas condicións de traballo.
CA4.5 Deseñáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional de técnico superior en automoción.
CA4.6 Determináronse as competencias e as capacidades requiridas para a actividade profesional relacionada co perfil do título, e seleccionouse a formación precisa para as mellorar e permitir unha axeitada inserción laboral.
CA4.7 Identificáronse as principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación de técnico superior en automoción.
CA4.8 Empregáronse adecuadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego.
CA4.9 Prevíronse as alternativas de autoemprego nos sectores profesionais relacionados co título.

4.10.e) Contidos

Contidos
Coñecemento dos propios intereses e das propias capacidades formativo-profesionais.
Importancia da formación permanente para a traxectoria laboral e profesional das persoas coa titulación de técnico superior en automoción.
Oportunidades de aprendizaxe e emprego en Europa.
Itinerarios formativos relacionados coa titulación de técnico superior en automoción.
Definición e análise do sector profesional do título de técnico superior en automoción.
Proceso de toma de decisións.
Proceso de procura de emprego no sector de actividade.
Técnicas e instrumentos de procura de emprego.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS EXIXIBLES:

UNIDADE FORMATIVA 1: PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

- Coñecer os principais conceptos básicos establecidos na Lei de Prevención de Riscos Laborais (LPRL).
- Identificar a lexislación básica en materia de PRL e os principios da actividade preventiva
- Coñecer os dereitos e os deberes dos traballadores e materia de PRL
- Identificar os principais factores de risco laboral - Coñecer os danos derivados do traballo
- Coñecer como avaliar os riscos derivados do sector de actividade relacionado co título.
- Coñecer as principais medidas de prevención e protección aplicables aos riscos laborais
- Coñecer as modalidades de organización da prevención na empresa.
- Coñecer os órganos de representación e participación dos traballadores en materia de PRL.
- Identificar as medidas a concretar nun plan de emerxencia e evacuación.
- Coñecer as actuacións básicas en materia de primeiros auxilios

UNIDADE FORMATIVA 2: DEREITO DO TRABALLO E DA SEGURIDADES SOCIAL, PROCURA DE EMPREGO E EQUIPOS DE TRABALLO

- Identificar as diversas fontes do Dereito Laboral para podelas consultar en caso de necesidade.
- Recoñecer os dereitos e deberes dos traballadores, así como os deberes e potestades dos empresarios.
- Coñecer o contido, características e duración máxima do período de proba
- Identificar os elementos que caracterizan un contrato de traballo e sabelo aplicar de forma igualitaria e non discriminatoria.
- Distinguir as características principais das diferentes modalidades de contratación laboral.
- Identificar os límites establecidos na normativa respecto á xornada de traballo.
- Diferenciar os tipos de descansos laborais.
- Distinguir os diferentes conceptos que integran a retribución económica do traballo.
- Identificar o concepto e contía do salario mínimo.
- Calcular a liquidación dunha nómina sinxela: mensual, con horas extraordinarias e complementos non salariais.
- Identificar as garantías do salario.
- Diferenciar a representación unitaria da representación sindical.
- Identificar a forma de elección e as garantías dos representantes dos traballadores.
- Diferenciar as funcións dos sindicatos e das asociacións de empresarios.
- Describir as partes dun convenio colectivo e o contido mínimo.
- Delimitar os medios de presión dos traballadores e empresarios nun conflito colectivo.
- Identificar as condicións da modificación do contrato de traballo e as opcións dos traballadores/as.
- Identificar as causas e os efectos da suspensión do contrato de traballo
- Identificar as causas e os efectos da extinción do contrato de traballo
- Calcular a liquidación de haberes que corresponde como consecuencia da extinción do contrato de traballo.
- Diferenciar os distintos réximes da Seguridade Social para coñecer as súas características.
- Distinguir as diferentes obrigas de empresarios e traballadores respecto da Seguridade Social para o cumprimento da normativa vixente.
- Identificar as bases de cotización e as cotas obreiras e empresariais co fin de liquidar os seguros sociais.
- Identificar as diversas contingencias que cobre o sistema da Seguridade Social.

- Determinar as prestacións correspondentes ás diferentes contingencias protexidas pola Seguridade Social.
- Recoñecer as posibles situacións legais de desemprego para poder ter dereito á prestación ou subsidio.
- Determinar a duración e a contía da prestación por desemprego a fin de poder aplicalas a casos concretos.
- Identificar os itinerarios formativos relacionados co título
- Coñecer o proceso de procura de emprego tanto como traballador por conta propia ou allea.
- Identificar as distintas partes dun currículo vitae e dunha carta de presentación e elaboralos de xeito adecuado
- Identificar os elementos fundamentais dun grupo de traballo, así como a tipoloxía e as funcións dos seus compoñentes, co fin de ter un criterio para valorar as vantaxes do traballo en equipo.
- Coñecer as formas de traballar en equipo, as dinámicas grupais e as fases de desenvolvemento dun equipo de traballo.
- Identificar e distinguir os diferentes factores que poden xerar conflitos para analizar as súas causas e determinar as súas posibles consecuencias.
- Describir as diferentes opcións de resolución de conflitos que permitan adoptar as medidas correctoras adecuadas a cada caso.
- Coñecer as tácticas, as pautas e as fases da negociación co fin de interaccionar coas partes que tratan de resolver un conflito.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

1) - Actividades:

- Traballo persoal e actividades individuais ou en equipo propostas para a súa elaboración ou resolución polo alumnado (valor do 35%)
- Actitude, autonomía, cumprimento dos prazos, asistencia, interese e participación do alumnado (valor 5%)

2) - Exames:

- Exame de cada parte da materia (valor do 60%). Nos exames que inclúan distintas partes (teórica e práctica) deberase acadar unha nota mínima en cada unha destas partes, sendo esta nota mínima do 40% do seu valor total.

En cada avaliación haberá cando menos un exame dos temas impartidos nese trimestre, no caso de realizar máis dun exame, por ser axeitado pedagoxicamente para o alumnado , a ponderación dos exames parciais será entre o 20% e o 50% da cualificación reservada para o exame nesa avaliación, en función do número de temas obxecto de exame e de se os temas dese/s exame/s parciais entran ou non no exame de avaliación correspondente.

A non presentación ós exames conleva a valoración dos mesmos cunha nota de cero (0).

O alumno/a que, por causas debidamente xustificadas, non poida asistir a algún destes exames se lle fixará por parte da profesora outra data para a súa realización, non tendo por que ter lugar necesariamente nas horas de clase do módulo.

En canto á entrega de actividades, tanto individuais como en equipo, deberase de respectar o prazo de entrega fixado para as mesmas, así como as regras establecidas en canto a súa forma de presentación e elaboración . De non cumprirse estes requisitos, dita actividade valorarase cun cero. No caso xustificado documentalmente da imposibilidade de cumprimento do establecido na liña anterior, a profesora establecerá as medidas oportunas para facilitar a entrega e valoración de dita actividade/s.

Para poder considerarse a materia superada o alumnado deberá obter un mínimo de cinco puntos (5) como nota final.

Para a determinación da nota en cada unha das avaliacións do curso, se aplicarán os dous elementos de avaliación mencionados, debendo obter o alumnado unha puntuación mínima de cinco (5) en cada grupo a valorar, Actividades e Exames, para facer media e calcular a nota do trimestre. No caso de non acadarse esa nota mínima de cinco, tanto en actividades como en exames, o alumnado poderá recuperar a materia tratada no trimestre a través dunha proba obxectiva comprensiva da materia vista nese avaliación, e na que deberá obter unha nota mínima de cinco (5) para aprobar.

Nos exames que inclúan distintas partes (teórica e práctica) deberase acadar unha nota mínima en cada unha destas partes, sendo esta nota mínima do 40% do seu valor total.

O redondeo da nota de avaliación realizarase por defecto ou por exceso, segundo o primeiro decimal sexa inferior ou ben superior a cinco, respectivamente.

A nota final do módulo será a media aritmética ponderada das notas das tres avaliacións aprobadas.

As probas escritas, o traballo individual e o traballo en equipo cualificaranse de 0 a 10 puntos. Se precisará en cada unha destas probas e traballos a distribución da puntuación nas diferentes preguntas, apartados ou tarefas a realizar. Os traballos e actividades nos que se estableza prazo de entrega, que será o suficientemente amplo para a súa realización en tempo, non se recollerán fora da data de entrega fixada e polo tanto valoraranse cun cero.

O exame de cada parte da materia consistirá nun cuestionario con afirmacións para identificar e xustificar se son verdadeiras ou falsas e/ou con preguntas test con elección da alternativa/s correcta/s (por cada pregunta errónea descontarse a metade do valor unha pregunta acertada), preguntas de completar ou de resposta breve, e en casos prácticos similares aos realizados nas actividades.

Tanto na realización dos exames como das actividades, é necesario realízalos seguindo as instrucións establecidas pola profesora e, salvo as actividades en grupo, realízalos de xeito individual. Non se permite, por tanto, copiar na realización dos exames e das actividades. O incumprimento desta norma implica a cualificación de cero (0) no exame ou na actividade, segundo o caso. En caso de reincidencia o alumno/a deberá presentarse obrigatoriamente ao exame de avaliación ou final para poder superar o trimestre ou o módulo, respectivamente, contando esta nota solo para determinar o aprobado ou suspenso.

Como medida de control, establécese o uso obrigatorio de cámara na realización de exames na AV, no seu caso, e a realización no Drive das actividades, non sendo suficiente subir o arquivo unha vez realizadas as actividades (salvo que por imposibilidade de contar con medios informáticos, deban realizarse a man en papel).

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

RECUPERACIÓN DOS ALUMNOS QUE TEÑAN SUSPENSA ALGUNHA DAS AVALIACIONES DO MÓDULO.

O alumnado con algunha avaliación pendente ,terá a posibilidade de recuperación final mediante a superación dunha proba escrita do contido da materia do trimestre que teña pendente, e na que deberán obter unha nota mínima de cinco (5) en cada unha das partes da proba. Ademáis deberán entregar ao docente, no seu caso, as actividades e traballos propostos para a súa corrección e valoración. Terán o apoio da profesora, e a posibilidade de resolución de dúbidas. Para recuperar a avaliación pendente deberán obter unha valoración mínima dun cinco (5).

No mes de xuño, para o alumnado de primeiro, realizaranse probas de recuperación a aqueles alumnos e alumnas que non superaron algunha parte da materia. O alumnado que nas devanditas datas teñan todo o módulo suspenso poderá realizar unha proba final de recuperación. Para superar o módulo deberá obter unha puntuación de 5 en cada una das partes nas que se divida o exame.

ALUMNADO CO MODULO DE FOL PENDENTE

O alumnado de segundo curso que teña o módulo de FOL pendente do curso anterior, será informado ao comenzo do curso sobre as datas de recuperación parcial que se realizaran durante o primeiro e o segundo trimestre. As diferentes probas consistirán en preguntas curtas o/ou tipo test de cada unidade e casos prácticos da materia das unidades a avaliar, por exemplo: nóminas, finiquitos e Seguridade Social.

O alumnado que non superara o módulo pendente na avaliación do mes de marzo, fará unha proba xeral de todo o temario no mes de xuño de

acordo coas datas que fixe o departamento. Para superar o módulo deberá obter unha puntuación de 5 en cada un dos apartados nos que se divide a proba. A proba incluíra preguntas de carácter práctico e teórico.

SEMIPRESENCIALIDADE E ENSINANZA A DISTANCIA:

Aplicaranse as pautas establecidas nos criterios de cualificación.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Perderán o dereito á avaliación continua aqueles alumnos e alumnas que superen o 10% de faltas de asistencia ao módulo, segundo establece a normativa ao respecto.

Neste caso procederase a realizar ao alumnado que se atope na devandita situación un procedemento extraordinario de avaliación no mes de xuño segundo os criterios establecidos polo Departamento de Formación e Orientación Laboral.

Para superar o módulo este alumnado con perda do dereito á avaliación continua deberá obter unha puntuación mínima de 5 puntos en cada unha das partes nas que se divida o exame, debendo ademais presentar en formato dixital e expoñer o Plan de empresa.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

De xeito periódico procederase a comprobar que se está a cumprir coa temporalización prevista para cada unidade didáctica, así como si se están a acadar os obxectivos establecidos para cada unha delas. Con respecto ás actividades programadas, adaptaranse ás necesidades e capacidades do alumnado para conseguir acadar os resultados de aprendizaxe desexados.

O seguimento da programación efectuarase mediante as reunións periódicas do Departamento de FOL, así como das reunións do profesorado de cada ciclo de celebrarse estas, e que se efectuarán con carácter mensual .

No caso de que durante o curso se realizaran modificacións na Programación, deberase deixar constancia das mesmas nas Actas das reunións do Departamento. Do mesmo xeito, reflexarase na Memoria Anual do Departamento de final do curso.

En función dos resultados da avaliación da actividade docente , se se queren incluír propostas de mellora para a do curso seguinte , tamén se comentarán na Memoria .

En canto a avaliación da propia práctica docente, ao longo do curso entregaráselle ao alumnado unha enquisa de avaliación das actividades de aula, na cal anonimamente poidan valorar determinados aspectos da práctica docente (metodoloxía, actividades, probas de avaliación , recursos, ..) .

Tamén se empregará outra enquisa de actividades de aula para o profesorado onde o propio docente tentará avaliar o seu propio labor.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A avaliación inicial efectuarase mediante unha ficha sinxela que deberán cubrir e entregar. Esta fichara tratará de coñecer dous aspectos básicos: por un lado, datos persoais, familiares e laborais que poidan ser de interese, e en segundo lugar detectar os coñecementos previos que teñen sobre esta materia e os contidos obxecto do seu estudo.

Ademais disto, desenvolverase unha charla grupal na aula co conxunto do alumnado, para obter unha maior información e favorecer o seu coñecemento mutuo. Se fose preciso, completárase este proceso con entrevistas individuais.

Por último, manterase unha reunión co titor ou titora do grupo e, de ser necesario, có resto de profesorado do ciclo, para coñecer outra información relevante das súas circunstancias persoais, académicas,...

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Como as diferencias e a diversidade entre as persoas son un feito insalvable, e que polo tanto non haberá dous alumnos iguais en intereses, motivacións ou capacidades (ritmo e estilo de aprendizaxe, coñecementos previos,...) levarase a cabo unha atención á diversidade e ás necesidades educativas específicas para garantir un ensino de calidade que permita o desenrolo persoal e unha sociedade máis xusta. Sobre todo có alumnado con necesidades especiais, incorporación tardía e de altas capacidades.

As medidas xerais que se poden adoptar serán as seguintes:

A) Avaliación inicial ao comezo do curso

B) Traballo en equipo do profesorado do grupo, establecendo ó comezo do curso os cauces de comunicación e coordinación que se van empregar durante o ano, en especial co titor, para realizar un seguimento e atención específica á cada alumno.

C) Nas clases, con medidas que non precisan dunha organización moi distinta da habitual e non afectan aos elementos prescriptivos do Currículo:

1. Adaptación dos resultados das Unidades: priorizando, introducindo capacidades complementarias ou alternativas, cunha secuenciación específica
2. Adaptación dos contidos: periodizándoos, reordenándoos, introducindo contidos alternativos ou complementarios e secuenciación individualizada
3. Fixación duns contidos mínimos imprescindibles, comúns para todo o alumnado e que deben acadarse obrigatoriamente, respectando os do Currículo oficial.
4. Adaptacións metodolóxicas: Fomentando un clima motivante e participativo, individualizada e adaptada aos ritmos de aprendizaxe, ralentizando ou acelerando segundo o momento, empregando diversas estratexias (expositivas, dedutivas, indutivas,..), cun apoio e seguimento individualizado do traballo,...
5. Adaptación dos agrupamentos: formando grupos con alumnos que axudan a outros compañeiros, agrupamentos heteroxéneos ou mixtos no caso de alumnado estranxeiro ou con outra peculiaridade, grupos flexibles no tempo,..
6. Adaptación das actividades: Variadas, adaptadas, e de diversa dificultade que permitan diferentes grados de profundización: de reforzo para os alumnos que precisen fortalecer contidos nos que teñan dificultades e acadar os contidos mínimos, de ampliación para que o alumnado con especial interese ou capacidades profundicen e progresen nos contidos, abertas con autonomía na súa realización, voluntarias, tarefas de recuperación,...
7. Adaptacións na temporalización: flexibilizando a prevista para os Bloques de contidos ou para determinadas Unidades
8. Adaptación dos recursos, con materiais específicos, diversos e variados para tratar os mesmos contidos dende diferentes ópticas,

adaptándose ao alumnado.

9. Na avaliación: que sexa individualizada e fixe metas en base ás capacidades e nivel inicial de cada un, modificando os instrumentos e procedementos de avaliación, distintos tipos de probas para comprobar o dominio dos contidos.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A finalidade da educación debe ser a de incorporar ó alumno/a á sociedade, para o cal non só se debe posibilitar a adquisición dos coñecementos científicos do módulo, senón que tamén é preciso efectuar un tratamento adecuado dos problemas sociais que vivimos na actualidade como son as guerras, drogas, discriminación, globalización, medio ambiente... e que en moitos casos se deben a unha falla de educación en valores.

A presenza en todos os módulos do Ciclo das ensinanzas de carácter cívico e moral, denominadas temas transversais, ten unha xustificación importante pola súa relevancia social, para conseguir o desenvolvemento persoal e integral dos alumnos, e para a construción dunha sociedade máis libre, democrática e pacífica.

A inclusión xenérica destes contidos deste módulo farase deste xeito:

- A) Incorporándoos coma finalidades específicas a acadar en distintas Unidades.
- B) Tratando estes contidos coma actitudes a desenvolver nas Unidades relacionadas.
- C) Con unha metodoloxía e actividades específicas que favorecen seu tratamento: bo clima na aula, linguaxe non sexista, actividades grupais, debates e exposicións,...
- D) Téndoos en conta á hora de avaliar, e especialmente nos criterios de avaliación.

Educación ambiental, relacionado co bloque de saúde laboral. Tendo en conta o sector produtivo .É preciso sensibilizar ó alumnado respecto a necesidade de utilizar materiais e realizar un bo tratamento dos residuos, con vistas á protección do medio ambiente e aumento dos niveis de calidade y seguridade.

Educación Vial, vinculado co tema de Sinalización e Accidentes de Traballo in itinere.

Educación para a Saúde, temas de prevención de riscos e de primeiros auxilios. É tamén un dereito e un deber dos traballadores a integridade física e unha adecuada política de seguridade e hixiene.

Educación para a Paz, que contribúe a desenvolver no alumnado a capacidade para consolidar su madurez persoal, social, e moral permitindo actuar de forma pacífica na resolución de conflitos.

Igualdade de oportunidades. Non discriminación no acceso ao emprego unha vez empregados por razón de sexo, estado civil, relixión, etc. Esta igualdade deberase respectar en todo momento, incluso no acceso ao mercado laboral.

Educación Moral y Cívica. Relacionada cos deberes que rexen a relación laboral, como os de cumprir as obrigas concretas do seu posto de traballo, de conformidade coas regras da boa fe e dilixencia.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As programadas polo departamento.

En colaboración co resto de docentes do Ciclo e co Dpto. de Actividades Extraescolares e Complementarias, os alumnos realizarán algunha das seguintes, sempre que a dispoñibilidade de horario así o permitan:

- Charla de Primeiros Auxilios
- Charla sobre Incendios e uso de extintores
- Charla sobre Orientación laboral e procura de emprego

10.Outros apartados

10.1) Metodoloxía didáctica

A metodoloxía didáctica na F.P. específica promoverá a integración dos contidos científicos, tecnolóxicos e organizativos. Ao mesmo tempo, favorecerá no alumnado a capacidade para aprender por si mesmo e traballar en equipo.

O enfoque metodolóxico parte da filosofía de que é o alumno quen constrúe e modifica seus coñecementos, converténdose polo tanto el mesmo no motor da súa propia aprendizaxe. O docente exerce un papel de guía do proceso, organizando e planificando actividades que permitan prantexar un conflito cognitivo e modificar os seus esquemas de coñecemento.

Isto implica a necesidade de:

- 1) Partir dos coñecementos previos do alumno e das súas capacidades e intereses.
- 2) Favorecer a adquisición de aprendizaxes significativas, procurando que os novos coñecementos teñan vinculación cos coñecementos previos e se establezan entre eles relacións substantivas e estables que permitan construír novos significados.
- 3) Conseguir a funcionalidade das aprendizaxes, mediante coñecementos vinculados co contexto socioeconómico e útiles para aplicarlos ás situacións reais do traballo.
- 4) Posibilitar a capacidade dos alumnos para aprender por si mesmos, de aprender a aprender, de construír e actualizar aprendizaxes significativas de xeito autónomo.
- 5) Utilizar unha metodoloxía activa e participativa, onde o alumno é o protagonista, e creando un clima favorable na aula que permita a súa implicación e motivación.
- 6) Trato interdisciplinar e integrado dos contidos en relación con outros módulos

Métodos didácticos específicos :

En función do tipo de actividade e finalidades, empregaranse diversos métodos didácticos específicos, entre eles : expositivo, dedutivo, de descubrimento guiado, mando directo ou asignación de tarefas , ensino recíproco, de búsqueda de información, de resolución de conflito, dinámicas grupais.

Fomento das novas tecnoloxías da información e comunicación (TIC):

A tecnoloxía ten adquirido un papel protagonista dentro da sociedade actual . O emprego das mesmas pasou de ser algo lúdico a ser unha obriga derivada da necesidade nos nosos tempos de acceder cada vez máis a un maior nivel de información e a unha actualización constante do coñecemento polos cambios constantes da sociedade.

Realizaranse moitas actividades que terán como núcleo central as TIC, pois son medios lúdicos e motivadores que impulsan o traballo investigador e creativo, e porque permiten que o alumno sexa protagonista da súa aprendizaxe (autoaprendizaxe) e a actualización continua do mesmo.

